



SÁBADO  
**1**  
OUTUBRO  
20.30 h  
Duración: 50 min

# UN BELO DÍA

DULCE DUCA

Intérpretes: Dulce Duca e Jaime del Blanco  
Acompañamiento artístico: Iris Ziordia  
Creación musical: Raúl Márquez e Jaime del Blanco

*Un Belo Día* é un proxecto de vida construído por Dulce Duca e Iris Ziordia. Vida en forma de espectáculo. Dulce Duca incorpora o malabar, a manipulación e os equilibrios de mazas nunha linguaxe corporal única impactante e transmite emocións nunha peza que integra e intriga ao público de todas as idades. É poesía surrealista vivida por unha moza aos seus trinta anos. Ela constrúe un mundo desde a súa visión persoal,

dálle vida ao que non ten vida, interactúa coa súa imaxinación e mergúllanos nun mundo fantástico onde todo é posible. Un espectáculo que nace das entrañas e conecta coas persoas espectadoras de maneira primordial, pura e simple.

O que sinto, o que vexo, o que escoito...  
...E se a un arco lle colgásemos unha flor...  
transformaríamos as notas de música en pétalos”

## VENDA DE ENTRADAS

Entradas: 9,00€ (carné xove, +65 anos e persoas desempregadas: 7,00€)  
Venda anticipada: 6,00€ (Até o día anterior á función ás 23.59 h)

## DESPACHO CENTRAL DE BILLETES DA PRAZA DE OURENSE

De luns a venres (agás festivos)  
de 9.30 a 13.00 h e de 16.30 a 19.30 h

## DESPACHO DE BILLETES DO CENTRO ÁGORA

Aberto só os días de función desde unha hora antes  
(só se quedan entradas dispoñibles)

## TELEVENDA: 902 044 226

(Luns a venres de 9.00 a 22.00 h, sábados de 14.00 a 22.00 h  
e domingos de 16.00 a 21.00 h)  
[www.ticketea.com](http://www.ticketea.com)

# ILUSIÓH!

# ILUSIÓH!

OUTONO DE 2016  
ESPECTÁCULOS NADOS DA FUSIÓN DE DISTINTAS DISCIPLINAS ARTÍSTICAS



+ info [www.coruna.es/cultura](http://www.coruna.es/cultura)

Podes seguir a programación cultural do concello en facebook:  
[www.facebook.com/CulturaCoruna](http://www.facebook.com/CulturaCoruna)



# ILUSIÓH!

OUTONO 2016  
ESPECTÁCULOS NADOS DA FUSIÓN DE  
DISTINTAS DISCIPLINAS ARTÍSTICAS

ÁGORA



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

CORUÑA  
CULTURA



DOMINGO  
**23**  
OUTUBRO  
18.00 h e  
20.00 h  
horario especial,  
capacidade  
moi reducida  
Duración: 60 min

PREMIO UMORE AZOKA 2014  
AO MELLOR ESPECTÁCULO  
MELLOR ESPECTÁCULO  
NOITES FETÉN 2015



**RUDO** MANOLO ALCÁNTARA

Creación e dirección: Manolo Alcántara e Xavier Erra  
Intérpretes: Manolo Alcántara, Laia Rius (violín) e Maria Bou (violonchelo)  
Composición e dirección musical: Clara Peya  
Coproductión: GREC Festival de Barcelona  
Co soporte de: Generalitat de Catalunya-Departament de Cultura e o INAEM  
Colaboración: LaSala e Ca l'Estruch de Sabadell

*Rudo* trata sobre persoas que conviviron coa rudeza, o esforzo físico e uns retos persoais levados até o extremo máis absurdo. No espectáculo, intérprete e unha chea de caixas fálannos do risco inherente á existencia. Un home crea torres e figuras utilizando pesadas caixas de madeira e fai sobre elas precarios equilibrios. *Rudo* móvese sobre estruturas que tremen. Todo se afunde ao seu paso pero el busca atopar o equilibrio perfecto á altura perfecta. Todo iso acompañado do contrapeso lírico da música de violín e violonchelo e do/a espectador/a, próximo, el tamén en difícil equilibrio.



VENRES  
**28**  
OUTUBRO  
20.30 h  
Duración: 90 min



MARTES  
**1**  
NOVEMBRO  
20.30 h  
Duración: 60 min



## KASSA ELEFANTE ELEGANTE

*KASSA* é un espectáculo de teatro visual que se desenvolve ao redor dos principios da escultura. A estrutura escenográfica, os actores, os bailaríns e as videoproxeccións constitúen un organismo vivo en constante movemento e transformación que comunica a través dos sons, dos obxectos, das cores, das formas, das luces e dos textos.

*KASSA* reflicte a temática da vivenda. No inicio da acción, a sociedade é sedutora, próspera e optimista. A casa, coma un agasallo envolto en papel colorido, representa a realización do soño, da unión e da felicidade familiar. Pero un día esgótanse os recursos económicos colectivos e a familia deixa de poder pagar as prestacións do seu soño. Que sorpresas lles reservará o futuro?

## CONTIGUO COMPAÑÍA IO

Dirección: Natalia Outeiro  
Coreografía: Paula Quintas  
Intérpretes: Álvaro Pérez Hidalgo e Álvaro Reboredo Ortega

*Contiguo* nace de pór un ser humano xunto a outro. É o lugar onde un acaba un e outro empeza. *Contiguo* é a poesía do corpo e os propios límites. O risco de darse a coñecer e exceder o medo a te perderes en alguén. Reinventarse unha e outra vez a través dos demais. O destino únenos, a historia escribímola nós.

Un espectáculo sensitivo, poético e dinámico. Unha investigación da linguaxe espacial e corporal que crea un universo único para expresarse, resultado da busca no circo como linguaxe en si mesmo. Os artistas non só utilizan a técnica para expresar, senón tamén un eu íntimo que aflora a través dela.

DOMINGO  
**20**  
NOVEMBRO  
20.30 h  
Duración: 60 min



del, a altas horas da noite, e que o acompañan mentres amasa o pan. Talvez sexa por unha necesidade de escape que el soña esperto. Talvez sexa ese fermento que fai medrar o seu pan... Todo o espectáculo baséase no virtuoso xogo físico do actor, na capacidade de multiplicarse en varios personaxes, nas diversas funcións da súa profesión e na súa capacidade de sorprender a través dun espectáculo onde a maxia é aliada da simplicidade. Teatro físico, xestual (sen texto) e con obxectos.

DOMINGO  
**18**  
DECEMBRO  
20.30 h  
Duración: 55 min



## ONE MAN ALONE

TEATRO DA DIDASCÁLIA  
Creación, escenografía e interpretetación: Bruno Martins  
Dirección: Sérgio Agostinho

*ONE MAN ALONE* é un espectáculo en solitario, literalmente só. Sen nada máis, nin técnico de luces nin de son, o actor vese obrigado a realizar o espectáculo interpretando e controlando ao mesmo tempo a propia luz que o ilumina e a música que o acompaña en escena.

Todo transcorre nunha panadería, naquelas horas da noite en que o panadeiro fai o pan e o resto do mundo soña con el. A acción desenvólvese a través do xogo entre o panadeiro rodeado de bagoetes, pans de millo... os seus instrumentos de traballo e os soños que o fan viaxar polo universo da imaxinación e o catapultan para un mundo só

del, a altas horas da noite, e que o acompañan mentres amasa o pan. Talvez sexa por unha necesidade de escape que el soña esperto. Talvez sexa ese fermento que fai medrar o seu pan... Todo o espectáculo baséase no virtuoso xogo físico do actor, na capacidade de multiplicarse en varios personaxes, nas diversas funcións da súa profesión e na súa capacidade de sorprender a través dun espectáculo onde a maxia é aliada da simplicidade. Teatro físico, xestual (sen texto) e con obxectos.

## SOLOS DE YMEDIOTEATRO

Idea orixinal e dirección: Ymedioteatro  
Actores / manipuladores: Santos Sánchez, Meri Fernández e Álex Ramos

*SOLOS* é unha mirada, cómica e entrañable, polo ollo da fechadura da casa dun de tantos anciáns invisibles.

Unha vella radio consola os rutineiros días de Aurelio. Pasaron moitos anos desde que saíu a última fornada de madalenas da súa panadería, un par de semanas desde que pisou a rúa por última vez e apenas un instante desde que non lembra o que esquecera. Sen darse conta, espertou a voz durmida dos obxectos que, animados polo seu delirio, se disfrazan de monicreques para contarlle os seus segredos. Un poético espectáculo para rirse da vida.